

HOJA DEL LUNES


V I G O

Editada por la Asociación Provincial de la Prensa

4 de mayo de 1981 - N.º 5.611 — Precio 25 Pts.

MOTOSIERRAS
McCULLOCH

"La profesional más vendida en el mundo"



Le ofrecemos su motosierra
McCULLOCH desde

15.000 Pts.

Venga a verla:

SOMARTIS

Cerretera general - a la entrada de la ciudad
Rúa Monserrate - VIANA DO CASTELO
ABIERTO INCLUSO DOMINGOS Y FESTIVOS.

Vontade unitaria e ausencias importantes no I Congreso de Escritores en Galego

X. DOMINGUEZ, (Enviado especial).

Estando a celebrar no mosteiro de Poio, perto de Pontevedra, as xornadas do Primeiro Congreso de Escritores en Lingua Galega, que reuniron o sábado e domingo a cento cincuenta persoas, amais de invitados doutras literaturas que segurion con especial interés os debates. Eran moitos os temas a tratar e o tempo moi pouco. Algunhas ponencias, moi interesantes e complexas, reducironse a pouco mais dunha hora, dada a cantidade e o contido das comunicacións.

A narrativa galega e os problemas profesionais do escritor, a política editorial, problemas da lingua, diferentes ópticas lingüísticas, o papel dos medios de comunicación, a escola, a posible

proxección exterior do galego, o escritor e a sociedade, a creación poética, etc., foron algúns dos temas tratados nas dúas primeiras sesións de traballo. Pra hoxe está prevista a clausura do Congreso que, en palabras de Bernardino Graña, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, «é unha primeira experiencia que nos permite poñer a andar unhas bases de diálogo e convivencia entre todos nós, respetando a diversidade de posturas, pero con obxectivos comúns de defensa do noso idioma».

«Cen mil primaveras máis para Galicia». Esta era a frase que presidía o salón de actos do mosteiro onde se celebraron algúns dos debates. Pra hoxe están anunciadas as conclusións, anque a afluencia de congresistas será xa moito me-

nor polo carácter laborable da xornada. Un primeiro balance do tratado en Poio dá conta do interés grande dos nosos escritores por poñeren as bases de traballo común, amais da posibilidade de encetar accións conxuntas a través da Asociación de Escritores en Lingua Galega, responsable da organización destas xornadas. Houbo, con todo, algunhas ausencias importantes.

Rafael Dieste e Ricardo Carballo Calero falárono o sábado na sesión inaugural. «O que uns homes e uns esforzos torceron —dixo quen até hai pouco tempo foi titular da cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago—, outros homes e outros esforzos pódennos agora endereitar».

PAXINAS 16 E 17

A literatura: a grande ausente

ANXO TARRIO

Nas poucas liñas de urxencia que pretendo tecer encol do acontecemento que se está a producir no mosteiro de Poio, tal e como se informa noutro lugar destas páxinas, percuraréi axustarme sómentes ó que, pró meu modo de ver, é mais dórosamente salientabel: o pouco que se está a falar da problemática literaria e do escritor galego. E que conste que non se trata dunha crítica ó Congreso en si mesmo: bastante fixo a Institución organizadora, a pesar dos poucos medios de que dispón. Non. Trátase de que somella que poder falar de literatura dun xeito distendido e centrado aínda é un luxo que os galegos non podemos nos permitir. Certo, a pesar de que as ponencias lidas até agora tiveron, polo xeral, un nivel moi acpetabel (polemicidade aparte) os coloquios correspondentes escluiron sistemáticamente, o tema propio a tratar en análises, por demáis coñecidos, de problemáticas político-ideolóxicas-lingüísticas tan necesarias noutro contexto como maniños nun Congreso deste tipo.

Certamente, a previsibilidade deste fenómeno era grande. A ninguén se lle agocha que neste noso país calquera xuntanza dun abano amplo de persoas, remata falando sempre dos mesmos temas. Xa se sabe que as posturas son irreductibles e, se tiñamos que partir desta realidade, resulta que en cada unha das ocasións esa realidade xurde coa mesma teima que no Primeiro Encontro. Penélope eterna.

Dende o meu punto de vista, aínda valorando positivamente o feito de se ter realizado un Congreso tan desexado por todos, coido que se ven desaproveitando un tempo precioso. Eu non teño nada claro, é mais, non estou de acordo en absoluto, que a transformación socio-económica e política dunha sociedade produza por feito de meigallo unha boa literatura.

Penso tamén que xa vai sendo hora de abandonar o chorimiqueo colonialista aplicado (non discuto o caso noutros terreos mais obvios) á literatura, cando, ben é sabido, en peores condicións tiveron lugar manifestacións literarias intachables, e mesmo na nosa terra.

Vai sendo hora de reflexionarmos encol do feito literario dun xeito inmanente e deixarse de lle bota-las culpas a fenómenos esóxenos que, nos tempos que corren, non coutan a ninguén o camiño cara unha resma de papel e máis unha máquina de escribir.

Cecais falar da construción dunha novela ou dun soneto non sexa excesivamente revolucionario, pro non sei por qué se me mete nos miolos que, polo menos, centraría xa un pouco o tema. Cecais tamén, a reflexión encol do dinamismo dos movementos artísticos e das súas manifestacións históricas nos levaran a un xeito de desespero ou de ter que recoñecer que, neste mundo, *nihil novum sub sole*; pero axudaría, entre outras cousas, a non trabucar AVANGARDA con RETAGARDA e a non tomar conceptos decantados *a posteriori* (é decir, despois de se ter producido un determinado tipo de arte) pola Teoría do Arte, por *actitudes* apriorísticas fronte a unha obra aínda por facer.

Cecais, en fin, fora mellor adicármonos a unha ósmose de coñecementos que fixera xurdir á superficie as nosas limitacións reais e a maneira de as neutralizar.

«O que uns homes e uns intereses torceron outros homes e outros intereses pódeno agora endereitar» (Ricardo Carballo Calero)

X. DOMINGUEZ

Moitos temas e pouco tempo. Esta podería ser unha primeira conclusión do Congreso de Escritores en Lingua Galega que se está a celebrar no mosteiro de Poio e clausura hoxe os seus debates, «Isto é un apartitivo pra outros congresos que se poidan celebrar», decía Bernardino Graña, presidente da Asociación de Escritores e un dos responsables da organización. Escomenzaron as sesións con certo retraso, pero aínda que o fixeran á hora prevista os temas a tratar e as ponencias anunciadas eran abondo complexas, e interesantes pra ocuparen non tres días de traballos senón, polo menos, unha semán. Cicais sexa interesante pensar xa nunha futura programación monográfica de próximas xuntanzas deste tipo.

Prá sesión de hoxe, luns, está prevista a intervención dos grupos de teatro galego, Constantino Rábade («A literatura galega ante o desencanto»), Carlos Sixeire («A literatura galega en América»), Enrique Feixoo («O escritor e o seu eu») e X.X. Santamaría Conde («Os estudos económicos en lingua galega»). Pola tarde haberá asamblea xeral de congresistas pra elaboraren as posibles conclusións destas xornadas, logo de ter discutido os temas nos coloquios de días anteriores.

Posiblemente a xornada de hoxe teña menos afluencia cás anteriores, dado o carácter de día laborable. O sábado, e domingo unhas cento cincuenta persoas asistieron ós debates, que, en xeral, anque houbo algunhas pequenas modificacións de horario e orde, mantiveron un nivel alto de participación. Anque conflúan en Poio posicións moi diversas había unha idea común: poñer en marcha e levar a bó termo o que se consideraba unha primeira experiencia especialmente importante dentro das letras galegas. No capi-

tulo das ausencias, con todo, habería que anotar nomes importantes no eido literario, principalmente a xeneración de máis idade: García Sabell, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Alonso Montero, Carlos Casares, Uxío Novoneira, Antón Tovar, Xosé María Álvarez Blázquez, etc. Algúns deles xustificaron a súa ausencia (Ángel Fole, Dora e Pura Vázquez) pero botábase demenos un amplo sector da nosa vida literaria.

CEN MIL PRIMAVERAS MAIS...

Bernardino Graña, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, falou na xornada do sábado parafraseando a frase de Cunqueiro que servía de lema ó Congreso: «cen mil primaveras mais para Galicia». Fixo un chamamento ó traballo conxunto, ó entendemento e respecto á diversidade de posturas nun marco unitario de defensa da condición de escritor e da lingua. «Todos vós sodes responsables do que aquí se faga e do que aquí saia», dixo.

«Que recapaciten aqueles que non están aquí, a falar ou conspirar por detrás. As cousas hainas que decir aquí, argumentalas, admitir a discrepancia».

Logo faláron Rafael Dieste e mais Ricardo Carballo Calero, socios de honor da Asociación de Escritores, con palabras de apoio ás xornadas. A intervención de Dieste foi unha lembranza de traballos e angueiras pasadas «onde a solidariedade e a amizade entre todos nós sempre estivo presente, anque nos alporizáramos». Carballo Calero agradeceu o nomeamento de socio de honor e insistiu moito na necesidade de recuperar pra Galicia a dignidade histórica, cultural e lingüística. «A historia fanna os homes —dixo— e aquilo que uns homes e uns intereses torceron outros homes e outros intereses poderán endereitalos».

Houbo unha lembranza especial prós ausentes: Alvaro Cunqueiro («a quen roubamos o lema do noso congreso»), Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, e Celso Emilio Ferreiro. Entre os representantes doutras literaturas estaba Manuel Scorza (peruano), Casimiro de Brito (vicepresidente da Asociación Portuguesa de Escritores e do PEN portugués), José Augusto Seara (do movemento de Nova Renascença en Portugal), Manuel Ferreira (director da revista «Africa»), Egijo Gonçalves (da Sociedade Portuguesa de Autores), Claudio Morilo (director da Casa do Brasil) e houbo cartas e comunicacións solidarias do PEN catalán, asociacións de escritores de Cabo Verde, Angola, Nelida Piñón e da Unión de Escritores Franceses.

CONTRA RELO

O problema principal do congre-

4. Maio. 1981

so foi a falta de tempo pra afondar nas cuestións prantexadas dende as ponencias. Foi un congreso contra reló. Basilio Losada, por exemplo, na tarde do sábado, tivo que sintetizar as súas ideas sobre algo tan complexo e amplo como «A narrativa galega», en vinte minutos, e o coloquio foi de media hora. Todo ficou enriba da mesa de debates. Falouse da necesidade dunha literatura galega de quiosco, da profesionalización do escritor, da política comercial das editoriais, etc. Dende o primeiro momento os congresistas anunciaban análise onde a literatura non se podía contemplar fora do contexto dramático da lingua e da situación sociopolítica de Galicia.

Pilar García Negro falou da importancia do ensino da lingua e da literatura galega, suñando o papel marxinal que o noso idioma ten nos plans de estudos vixentes reducido a tres horas de aprendizaxe e algunhas referencias xerais e descontextualizadas nos programas de literatura española. O obxectivo principal é, mais cá aprendizaxe gramatical, a sensibilización reivindicativa dos alumnos cara a normalización da nosa lingua en tódolos niveis da sociedade.

Pilar Vázquez Cuesta, pola súa parte, informou polo miúdo do grande e grave descoñecemento que hai fora de Galicia do feito literario galego. Unha anécdota é o Departamento de Lingua e Literatura Galega que existe na Universidade de Leningrado e noutra Universidade da República Democrática Alemana. A norma común é a ignorancia e a marxinalización mesmo por parte das institucións españolas no estranxeiro en áreas como a portuguesa e a brasileira onde España podía

estar representada tamén por Galicia.

«No Instituto Español de Lisboa non hai libros galegos —contaría a profesora da Universidade de Salamanca— e mesmo é moi difícil convencer ás autoridades responsables do mesmo da importancia de que a literatura galega estea presente ali. ¿Por qué o Estado crea un Premio Cervantes de literatura castellana dotado con dez millóns de pesetas e non crea outro, poño por caso, un millón de pesetas polo menos (algo proporcional) pra literatura galega? ¿E que a literatura galega non é tamén unha literatura española? ¿E logo por qué non recibe un tratamento proporcional e xusto?». Houbo un interese especial na ponente en suñar esta e outras cuestións de política estatal discriminante. «Teríamos que facer xa unha estadística das negativas por parte da Administración a apoiar economicamente actividades culturais en lingua galega».

LUSISTAS E NON LUSISTAS

Xa cando a intervención de Pilar Vázquez Cuesta, partidaria dunha inserción da lingua galega na área luso-brasileira, saíu a cuestión ortográfica e lingüística das relacións entre galego e portugués. Os representantes das letras portuguesas, que celebraron unha mesa redonda na tarde do sábado, non entraron no tema, que consideraron cuestión a resolver polos galegos, pero especialmente interesante pra eles xa que «o descoñecemento das literaturas dos dous países é mútuo e grave».

O tema foi a base dunha das sesións máis interesantes destas dúas primeiras xornadas do Congreso, na mañá do domingo, logo dunha in-

tervenção de Víctor Vaqueiro e Miguel Anxo Murado sobre a linguaxe científica e as súas servidumes e dunha ponencia que defendeu Antón Santamaría, profesor de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago e membro do Instituto da Lingua Galega, na que afondou nas diferencias básicas entre o idioma galego e o idioma portugués, aínda recoñecendo a orixe común. Isto provocou un debate, o estaren ali presentes representantes doutras posturas máis reintegracionistas, partidarias dun maior achegamento lingüístico e ortográfico da lingua de Galicia á familia luso-brasileira. Do interese e importancia do debate, que se considerou fundamental, dá conta o feito de aplazarse a seguinte ponencia durante case unha hora.

A cuestión non ficou resolta «porque non a imos resolver aquí», pero houbo pronunciamentos repetidos pra chegar a un entendemento nestes temas, recoñecendo os argumentos de cada parte e sen que iso atranque as posibilidades de traballo común cara uns mesmos obxectivos: a defensa e normalización do idioma galego nun marco que hoxe se lle presenta especialmente hostil. A sesión da mañá pechouna a poesía, representada en ponencias do Grupo de Comunicación Poética «Rompende» e de Cuña Novás.

A PRENSA DESGALEGUIZADORA

Da importancia dos medios de comunicación de masas no presente e futuro do idioma faláronse na tarde do domingo, nunha mesma ponencia xonxunta, Víctor F. Freixanes, Lois Álvarez Pousa, Manuel Rivas e Margarita Ledo. «Os medios de comunicación son hoxe principais axentes desgaleguizadores onde a

lingua galega practicamente non aparece ou, cando aparece, ven reducida a ghetsos culturalistas». Houbo duras críticas ós responsables dos periódicos, emisoras de TV, que ignoran unha realidade viva e definidora do noso país, e dende a ponencia propuxeron unha comunicación do Congreso chamando a atención da sociedade galega sobre o papel dos mass media respecto do idioma. Tamén propuxeron os ponentes a creación, dentro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, dun Departamento adicado á Comunicación e da posible publicación dunha revista literaria e cultural apoiada polo colectivo de escritores.

O coloquio prolongouse tamén máis da conta. Eran moitos temas a discutir: o futuro da comunicación no mundo, a revolución tecnolóxica dos mass media, as técnicas e posibilidades do vídeo, as posibilidades da prensa paralela, etc.

Xosé Luís Méndez Ferrín pechou a serie de ponencias do domingo cunha polémica intervención sobre o papel do escritor na sociedade galega do noso tempo. «O escritor é a vanguardia —dixo— O escritor debe militar na vanguardia do cambio social e da revolución. O escritor é o gaiteiro que acompaña o avance do reximento británico». Polos prantexamentos radicais de Méndez Ferrín houbo polémica abondo entre os congresistas, sobre todo nalgún sector do nacionalismo galego (o Bloque) que se sentiu especialmente aludido nas críticas. Manuel Scorza, escritor peruano, pechou a segunda xornada destes debates cunha conferencia sobre o escritor na área latinoamericana.